

PLANIFICACIÓN SESIÓN 1

IA xerativa de texto para a avaliación. (CHATGPT, Copilot, Gemini).

1. Explicar conceptos básicos de IA: definición, aprendizaxe automática, IA conversacional, prompt
2. Facer un par de exemplos básicos
3. Exemplos concretos enfocados a á avaliación:

Crear unha táboa de observación.

Es profesor de Inglés en 3 da ESO, tes que deseñar unha táboa de observación con avaliación detallada para avaliar un proxecto grupal en inglés sobre o uso de verbos irregulares nunha entrevista que gravarán na radio do IES. Debe incluír criterios como orixinalidade, uso de recursos, presentación e traballo en equipo.

Creación de lista de preguntas.

Es profesora de lingua galega en 4º da ESO, tes que elaborar unha lista de 10 preguntas de opción múltiple sobre Castelao para teus estudantes de 4ºESO. Inclúe a resposta correcta e unha breve explicación de por que é correcta.

Cuestionario de autoavaliación.

Agora necesitas facerllos un cuestionario de autoavaliación.

Cuestionario de avaliación.

Es profesora de Matemáticas en 1º da ESO. Queres un cuestionario de autoavaliación para que o alumnado reflexione sobre a súa comprensión de potencias na sinatura. Deberá incluír 20 preguntas abertas e pechadas.

Elaboración de exames.

Es profesora de xeografía en 1º da ESO, necesitas facer o exame final da sinatura. O exame ten que incluír preguntas teóricas, prácticas e un problema realista para que o resolvan. O exame ten que valer 10 puntos, indicarás a puntuación que leva cada pregunta segundo a súa dificultade.

Supoñamos que inclúe unha pregunta na que ten que interpretar o mapa físico de España, podemos pedirlle o mapa:

Necesito o mapa físico en branco, sen os nomes

e queremos que nos dé o exame en formato pdf ou editable:

Dame o exame en formato pdf ou odt

Correccións.

(Subímoslle un documento co texto, “textoCorrexir.pdf”)

Corrixe a redacción que che acabo de subir, corresponde a un neno de 6º de primaria para lingua española. Proporcióname comentarios específicos sobre o que ten que mellorar e tamén sobre as súas fortalezas. Fíxate nas faltas de ortografía, de sintaxe e gramática, e se hai expresións que estean mal usadas. As correccións deben aparecer en negrita ou suliñadas

Redacción de informes de avaliación.

Es o titor no grupo de alumnos de 2º da ESO, tes que redactar un informe de avaliación individualizada para un alumno con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) en materia de competencias matemáticas.

Interpretación de protocolos para avaliar.

Subir protocolo TDAH.

Gamificando a avaliación

Es profesor de Historia en 1º bacharelato. Deseña un xogo de preguntas e respostas para avaliar os coñecementos sobre Grecia. Considera niveis de dificultade e a posibilidade de traballar en equipo.

Faime unha sopa de letras para acompañar ao xogo que me acabas de dar.

Quero o xogo da Oca sobre Grecia.

Proporcióname ideas para utilizar a tecnoloxía, como códigos QR ou aplicacións, na avaliación dun proxecto para a aprender a realizar ecuacións de primeiro grao.

Como crear un cuestionario para avaliación de diagnóstico ou avaliación inicial

(Podo pedirlle o cuestionario, logo dicirlle que me prepare a saída en formato gift, e por último que me explique como o importo en Moodle)

Crea un cuestionario diagnóstico, de 15 preguntas, para identificar o nivel inicial de coñecementos do alumnado sobre “Hardware de ordenadores” para alumnado de 3ºda ESO na materia de Educación Dixital.

Este cuestionario terá o formato adecuado para ser exportado á plataforma Moodle.

(podemos logo crear unha proba en Moodle, importando previamente as preguntas creadas por ChatGpt ao Banco de preguntas)

A achega de información restrinxida a chatGPT para a elaboración de:

- Un exame.
 - Un exame de 10 preguntas de tipo test, resposta curta, verdadeiro/falso sobre proporcionado. O exame terá unha puntuación de 5 puntos, debes indicar para cada pregunta a súa puntuación en función da dificultade da mesma sobre “Tema1Introducción.pdf”
- Rúbrica de actividade.
 - Necesito unha rúbrica para correxir a seguinte actividade proposta ao alumnado: "Elaborar un traballo sobre a vida de Castelao. Farase unha pequena presentación a

modo de biografía, logo citaranse polo menos 4 obras, onde aparecerá o título, un pequeno resumo da mesma, contexto no que foi elaborada. Falarase da súa importancia para a literatura galega." A rúbrica terá unha puntuación total de 10 puntos e deberán valorarse: presentación do traballo (portada, formatos, imaxes, encabezados e pés...), que haxa referencias ao que se menciona, opinión persoal, contextualización, non faltas de ortografía. Deberá aparecer un desglose de puntuación por cada subcriterio indicado. Rúbrica en formato táboa

- Corrección de tarefa ou exame.
 - Subir unha tarefa/exame feito por un alumno, e a plantilla coas solucións e pedirlle que o corrixa.

Informes de avaliación e comunicación coas familias

Redacta un modelo de informe de avaliación para informar ás familias sobre o seguemento dun estudante en 3ºESO.

Proporcióname exemplos de comentarios para o boletín de cualificacións dirixidos ao alumnado.

Inclusión e accesibilidade

Es profesor de lingua española en 1º da ESO, tes na aula un estudante con problemas de dislexia, necesitas indicacións sobre como facerlle os exercicios e o exame sobre acentuación.

Proporcióname ideas para avaliar oralmente a un estudante con dificultades de escritura.

Análise de resultados e estatísticas

Analiza os resultados destas cualificacións (subir datos ou escribir a man). Calcula media, mediana, moda e desviación estándar. Proporcióname estratexias para interpretar resultados de avaliación e axustar a ensinanza en base a eles.

Detección de plaxio ¿Pode autodetectarse chatGPT? ás veces si outras non, polo que é necesario cambiar a dinámica á hora de pedir actividades.




Figura 1: O alumno pídelo unha redacción

- Preguntámosle a ChatGPT se escribió el a redacción anterior.

Quiero que compruebes si este texto lo has redactado tú. "La Transición Española fue un período importante de la historia de España que comenzó en 1975, tras la muerte de Franco. Durante este tiempo, el país pasó de una dictadura a una democracia. Se cambió el jefe de Estado y se aprobó una nueva Constitución en 1978, que garantizó los derechos y libertades de todas las personas. Durante la Transición, los españoles trabajaron juntos para lograr un futuro mejor, respetando diferentes ideas y opiniones. Este proceso permitió que España se convirtiera en un país democrático, donde las personas pueden elegir a sus gobernantes de forma libre y pacífica."



No, ese texto no lo redacté yo específicamente en esta conversación ni en contextos anteriores. Sin embargo, su estilo es genérico y similar al de explicaciones sencillas que suelo elaborar cuando se me pide información sobre temas históricos. Si tienes dudas o necesitas verificar su autoría más a fondo, puedo ayudarte a redactarlo de nuevo o buscar modificaciones que lo personalicen.



- Imos preguntarle a <https://gptzero.me/>

"La Transición Española fue un período import

Autor: finapaulos-oscarey

Fecha: 11 de enero de 2025

"La Transición Española fue un período importante de la historia de España que comenzó en 1975, tras la muerte de Franco. Durante este tiempo, el país pasó de una dictadura a una democracia. Se cambió el jefe de Estado y se aprobó una nueva Constitución en 1978, que garantizó los derechos y libertades de todas las personas. Durante la Transición, los españoles trabajaron juntos para lograr un futuro mejor, respetando diferentes ideas y opiniones. Este proceso permitió que España se convirtiera en un país democrático, donde las personas pueden elegir a sus gobernantes de forma libre y pacífica."

Escaneo avanzado **ES** Español

Compartir Solicitar modificaciones Descargar

⌵

⚠ Este texto tiene menos de 100 palabras, lo que significa que su resultado puede ser menos preciso.

Quedan 4/5 escaneos avanzados gratuitos [Obtenga más](#)

Clasificación de IA

Estamos **altamente seguros** de que este texto fue generado por inteligencia artificial.

100 % Probabilidad generada por IA

- Probamos tamén aquí: <https://originality.ai/ai-checker>

The screenshot shows the Originality.ai website interface. At the top, there's a navigation bar with links for 'Precios', 'Características', 'Recursos', 'Acceso', and 'Inscribirse'. A banner below the navigation bar states 'PRECISIÓN DE DETECCIÓN DE CONTENIDO POR IA DEL 99 % >'. The main heading is 'El detector de IA más preciso'. Below this, a paragraph explains that the detector is available for free and is the most accurate for ChatGPT, GPT-4o, Gemini Pro, Claude 3.5, Llama 3.1, and other popular AI writing tools. The central part of the image shows a text sample about the Spanish Transition, which has been highlighted in orange. To the right of the text, there's a red circular icon with a brain and the text 'Likely AI'. Below this, a message states 'We are 100% confident that text is AI-generated' with a link to 'Learn more about the score'. The date 'Jan 11, 2025' is also visible.

PRACTICAR:

A partires do libro “Cousas.pdf” de Castelao deberás:

1. Crear unha rúbrica, en formato táboa, para avaliar o libro, tendo en conta que fará unha exposición oral do mesmo.
2. Pedirlle un boletín de 10 preguntas tipo test para levar a Moodle e crear unha proba alí. Logo, seguindo o arquivo coas instrucións para importar, crea a proba e Moodle.



“Intelixencia Artificial para a sociedade” de Fina Paulos Lareo – Óscar Rey Calo está baixo una [licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](#) .